



Bibliotecas Públicas
Municipais

1º Premio Nacional María Moliner 2011
Premio Fomento da lectura LIBER 2017

Día das Letras Galegas 2022

Florencio Delgado Gurriarán

Páxina web das bibliotecas
municipais de Oleiros:

<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>

Visita o noso blog:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en [twitter@biblOLEIROS](https://twitter.com/biblOLEIROS)



Concello de
Oleiros

www.oleiros.org



Bibliotecas Públicas
Municipais

1º Premio Nacional María Moliner 2011
Premio Fomento da lectura LIBER 2017



Florencio Delgado Gurriarán

Naceu no ano 1903 en Córgo-mo (Vilamartín de Valdeorras). Estudou dereito en Valladolid e ao acabar a carreira instalouse como avogado no Barco. Ingresa no Seminario de Estudos Galegos e, máis tarde, comezou a militar no Partido Galeguista. En 1936, ao estalar a Guerra Civil, fuxe a Portugal, Barcelona e Francia. En xuño de 1939 marcha para México, no barco Ipanema, con 998 refuxiados. Falece en Fair Oak (California) en 1987.

Coa súa poética cantou a paisaxe de Valdeorras e mostrou a súa preocupación polo idioma e por Galiza.

Algunhas das súas obras son:

Bebedeira. Santiago: Editorial Nós, 1934

Cancioneiro da loita galega. México: Partido Galeguista, 1943

Poesía inglesa e francesa vertida ao galego. México: Partido Galeguista, 1943

Galicia infinda. Vigo: Editorial Galaxia, 1963

Cantarenas. Poemas 1934-1980: Bebedeira, Valdeorras, Dionisias. Sada: Ediciós do Castro, 1981

O soño do guieiro. Sada: Ediciós do Castro, 1986

VENTE, VENTIÑO DO NORTE

*Vente, ventiño do norte,
vente, ventiño norteiro
a cantarme, nos ouvidos,
a canción do frío inverno;
tráeme lembranzas dos montes
de branca neve cubertos;
de parte da branca neve
ven dar-me xeado beixo,
que máis quero aterecer
ao contacto dos teus beizos
que sentir os agarimos
de ventos moles e tépedos;
das árbores que apouvigas,
por facerte cos brinquedos
de amarelas follas murchas,
trae a min o bruar fero;
tráeme os laios musicais
das xestas e dos piñeiros,
pois quero ouvir, da montaña
o baril belo concerto;
quero trocar a moleza
e dozura do bo tempo,
polos aspros aloumiños
do varudo e forte inverno;
quero que rentes a min chegues
cantando o canto guerreiro
do norte, e que cheo de azos,
amates o canto meigo
do brando sur, teu nemigo;
quero verte de min preto;
quero ese teu bruar rouco
non o carpir silandeiro
e feminino da bris
maina cal choro de neno.
E pois non quero tenruras
e túa amizade quero:
vente, ventiño do norte,
vente, ventiño norteiro,
vente, ventiño do norte,
serás o meu compañeiro.*



En: *Bebedeira*. Galaxia, 2022